

ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL



### **Proposta de actividades a realizar para o ano 2023.**

Unha vez máis a **Asociación Cultural e musical Solfa** presenta a súa programación para o ano 2023. Desexamos que as variadas propostas sexan do agrado de todos/as os socios e socias e que sirvan para ampliar coñecementos, coñecer mellor a nosa historia e crear unha cidadanía consciente e informada. E tamén servirán para seguir gozando coa música e co que somos.

**Comezamos este ano coa celebración do “Día de Rosalía de Castro” o 23 de febreiro.**

### [23 de febreiro Día de Rosalía de Castro](#)



Após as limitacións impostas pola pandemia, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega (AELG) conmemorou o Día de Rosalía de Castro con un acto central no Panteón de Galegos Ilustres o **sábado día 25 de febreiro, ás 12 h.**

Carme Adán elaborou o manifesto e puxo de relevo a vixencia do pensamento da autora nos desafíos da sociedade actual. Un nutrido grupo de persoas do mundo da cultura recitaron textos da autora e, para finalizar este solemne acto, a Coral Solfa interpretou diversas cancións.

### **Proxectamos desenvolver as seguintes actividades:**

**10 de marzo. Gravación no Auditorio de Galiza dun amplo repertorio en que a Coral Solfa** interpreta pezas de autoría culta e temas populares. Poemas musicados de M. Curros, de Rosalía, de Pondal, de Manuel María, ... Tamén terán cabida nesta gravación pezas de música tradicional galega e portuguesa.

A interpretación da coral Solfa será gravada e acompañada de vídeos que ilustrarán, mediante imaxes acaídas, as diferentes cantigas. Preferiranse lugares e espazos relacionados cos nosos precursores, figuras clave que deixaron unha fonda pegada na construción da historia do noso País: Rosalía, Castelao, Curros...

### **“A nosa Historia”**

Baixo este título pretendemos, ao longo do ano 2023, aproximarnos á historia do noso País. As gravacións dos vídeos serán a nosa guía e material que será utilizado nas diferentes conferencias.

Dividirase este ciclo en dúas partes diferenciadas: *A nosa música* e *Os autores*.

1º parte. **A música galega no tempo.**

#### **a.- Trobadores e Xogares: A lírica na Galicia Medieval.**

Desde o último cuarto do século XII até a segunda metade do s. XIV prodúcese na Galiza un movemento cultural de primeira orde: a lírica trobadoresca. A influencia da lírica provenzal precipita a formación dunha lírica en lingua galego-portuguesa. As cantigas non eran só textos poéticos, como tamén interpretados con música. Trobadores e xogares son os protagonistas dunha das épocas máis fecundas da música galega, eles son os artífices dun legado poético-musical único na nosa historia.

### **b.- As Capelas Musicais nas catedrais galegas.**

As Capelas musicais eran as institucións máis importantes e daban emprego a moitos dos compositores e músicos máis destacados. Estaban formadas polo conxunto de cantores e instrumentistas que traballaban ao servizo dunha determinada catedral, mosteiro, igrexa ou corte, polo tanto desenvolvéronse tanto en ambiente relixioso como profano.

Deste xeito as capelas de música convertéronse non só en estruturas de interpretación musical, senón tamén en centros de composición, de copia e difusión de música, e, con certeza, en verdadeiras escolas de aprendizaxe musical.

### **c.- A “melodía galega” no século XIX.**

O movemento cultural do s. XIX coñecido como Rexurdimento marcou un cambio de rumbo ao desenvolver unha literatura na lingua propia. A elevada calidade artística dos poetas estimulou os músicos a converteren en cantigas moitos dos textos. Así, Marcial do Adaiñ, Xoán Montes, Pascual Veiga, Varela Silvari, Enrique Lens, José Castro “Chané” son algúns dos compositores que ao longo do século XIX e principios do XX cultivan o xénero da “melodía galega”, canto para voz e piano, música sobre textos poéticos en lingua galega. De novo, música e poesía camiñan xuntas no renacer dun novo esplendor e axudando a configurar unha nova identidade nacional.

### **d.- Música tradicional.**

Nesta xornada analizarase a importancia da música tradicional nas nosas vidas. Trátase de facer unha aproximación á nosa música popular a través dun percorrido desde as súas orixes e evolución até o momento actual coa creación de centos de grupos de musical tradicional espallados por cada aldea, vila e cidade da Galiza ao longo dos anos.

## **2º.- Parte. Autores**

Nesta segunda parte, terán moita importancia os autores presentes nas pezas que fan parte do repertorio da nosa agrupación coral. Así, pretendemos coñecer mellor a vida, obra e características da obra deses autores/as pola súa importante contribución á consolidación dunha cultura galega propia e a que Galiza exista como pobo diferenciado. Rosalía, Curros, Pondal, Castelao e Cabanillas serán os escritores sobre os que xiren estas conferencias e xornadas.

**Maio.** Concertos de corais de Compostela.

Por iniciativa do coro Crecente de Conxo, vanse celebrar diversos concertos de corais de Compostela nos barrios do Castiñeiriño, Conxo, Vite e As Fontiñas. O día 16 de maio terá lugar o concerto no Centro sociocultural das Fontiñas, en que participará a coral de Solfa xuntamente con outras dúas corais.

### **Intercambio de corais.**

Estamos a organizar un intercambio coas corais: *Aire de Bergantiños* e Coral Crecente de Conxo. O día 17 de xuño celebrarase o encontro de corais en Compostela. Se o tempo o permite será na praza das Pratarías; caso contrario, realizarase no Centro sociocultural das Fontiñas.

### **Taller de canto**

Nunha ou varias xornadas faremos unha análise das nosas gravacións, co fin de coñecer os erros co obxectivo de mellorar no seu conxunto.

**19 de xuño.** Remate do curso de Solfa. Concerto das pandereteiras e da Coral de Solfa. Festa no Parque de Begoña Caamaño.

**10 de xullo.** Outeiro de Rei, Convivio da Cultura Galega. En colaboración coa Fundación Manuel María, organizaremos o *X Convivio da cultura galega* en Outeiro de Rei. Xornada de análise e debate e tamén de festa.

A nosa axenda cultural queda aberta a máis concertos, conferencias, xornadas e charlas sobre a nosa historia e cultura dependendo da dispoñibilidade dos grupos que conforman Solfa, da directiva, soci@s...

Estance a xestionar na Deputación da Coruña subvencións das actividades enumeradas anteriormente e a gravación dos vídeos.

Dentro do programa da rede cultural *Alicerce*, da Deputación da Coruña solicitouse un intercambio da Coral de Solfa con Aire de Bergantiños.